





Galicia dixital

O Hipersector TIC en Galicia

Edición 2022



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2023

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución
Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Galicia dixital O Hipersector TIC en Galicia

**Observatorio da Sociedade da Información
e a Modernización de Galicia (OSIMGA)**

Xunta de Galicia
Consellería de Facenda e Administración Pública
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de
Galicia (Amtega)
Santiago de Compostela
2023

DESTACADOS



No 2021, Galicia mantén o quinto lugar do ranking nacional no número de empresas do Hipersector TIC



As empresas galegas supoñen o 4,7% do total do Hipersector TIC español e representan no 2021 o 1,63% das empresas de Galicia.



No 2021, o Hipersector TIC incrementou o número de traballadores/as ata os 27.271 empregados/as, o que supón un crecemento do 5,2% dende o ano anterior.



O Hipersector TIC exportou máis de 108 millóns de euros no ano 2021.




No último ano o
número de
empresas do
**Hipersector TIC en
Galicia**
incrementouse un
**2,1% ata acadar as
4.001 empresas**



ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	5
1. Demografía empresarial e peso na economía galega	8
2. Emprego	25
2.1 Emprego por provincias	26
2.2 Emprego por áreas de actividade	28
2.3 Emprego segundo o xénero	31
2.4 Emprego por réxime de cotización	32
3. Comercio exterior	37
4. Innovación tecnolóxica	42
5. Patentes	54
Anexo: Definición da áreas macrocomarcais	56



INTRODUCCIÓN

Este estudo é elaborado polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), órgano da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Achega unha caracterización actualizada do Hipersector TIC na Comunidade Galega, dando continuación aos realizados en anos anteriores.

O informe está en consonancia coas directrices e obxectivos marcados na **Estratexia Dixital de Galicia 2030 (EGD2030)**, que identifica ao Hipersector TIC como un dos sectores con maior potencial de crecemento nos próximos anos, e xera redes de valor co resto de usuarios dixitais, empresas tractoras e sectores económicos, dando lugar á conformación dun ecosistema dixital galego activo que axuda a impulsar a dixitalización global na sociedade.

Así, o Hipersector TIC en Galicia xa é unha peza clave no desenvolvemento económico debido ao seu grande potencial na xeración, retención e atracción de coñecementos, servizos e produtos para responder ás necesidades de transformacional dixital actuais e futuras, pola súa capacidade en desenvolver capacidades e infraestruturas dixitais de vangarda en tecnoloxías disruptivas así como pola súa proxección exterior.

A elaboración deste informe é posible grazas á colaboración do Instituto Galego de Estatística, en virtude do convenio de colaboración asinado coa Amtega, e doutros organismos públicos que achegan os datos necesarios para a configuración desta publicación como son o INE e a Oficina Española de Patentes e Marcas.

Táboa 1. CNAE-09. Hipersector TIC

Ficha técnica

O estudo do Hipersector TIC en Galicia ten por obxecto coñecer a situación actual e a evolución das actividades produtivas que conforman o Sector das Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) xunto co sector dos Contidos e Servizos Audiovisuais.

Para determinar as actividades que constitúen o Hipersector TIC considérase como referencia os traballos desenvolvidos pola OCDE e o INE. Na seguinte táboa detállanse as actividades económicas incluídas, segundo a súa codificación no CNAE-09.

Sector TIC
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuitos impresos ensamblados
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións
58.2 Edición de programas informáticos
61.1 Telecomunicacións por cable
61.2 Telecomunicacións sen fíos
61.3 Telecomunicacións por satélite
61.9 Outras actividades de telecomunicacións
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación
Sector dos contidos e medios de información
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical
60.1 Actividades de radiodifusión
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión
63.9 Outros servizos de información



1 DEMOGRAFÍA EMPRESARIAL E PESO NA ECONOMÍA GALEGA

No último ano, o número de empresas do Hipersector TIC en Galicia incrementouse nun 2,1% ata acadar as 4.001)


En Galicia, ao final do 2021, existían un total de 4.001 empresas desenvolvendo actividades encadradas no Hipersector TIC, das que o 75,5% realizaban actividades no subsector TIC e o 24,5% no subsector de Contidos.

O crecemento no número de empresas é sostido nos últimos anos, acumulando un aumento dun 15,2% dende o 2017.

A análise dos dous subsectores que conforman o Hipersector TIC indica que:

- O sector TIC acada as 3.020 empresas, un 2% máis que o ano anterior.
- O sector Contidos experimenta un crecemento do 2,4%, e está conformado por 981 empresas en Galicia.

Gráfico 1. Número de empresas do Hipersector TIC en Galicia. 2017-2021



Fonte: IGE. Directorio de Empresas


Táboa 2. Empresas do Hipersector TIC. Ano 2021 (Número de empresas)

Sector TIC	
26.1 Fabricación de compoñentes electrónicos e circuítos impresos ensamblados	14
26.2 Fabricación de ordenadores e equipamentos periféricos	38
26.3 Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	12
26.4 Fabricación de produtos electrónicos de consumo	8
26.8 Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	0
46.5 Comercio por xunto de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións	318
58.2 Edición de programas informáticos	31
61.1 Telecomunicacións por cable	27
61.2 Telecomunicacións sen fíos	21
61.3 Telecomunicacións por satélite	3
61.9 Outras actividades de telecomunicacións	126
62.0 Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	1966
63.1 Proceso de datos, hospedaxe e actividades relacionadas; portais web	175
95.1 Reparación de ordenadores e equipamentos de comunicación	281
Sector dos contidos e medios de información	
58.1 Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais	359
59.1 Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión	460
59.2 Actividades de gravación de son e edición musical	66
60.1 Actividades de radiodifusión	44
60.2 Actividades de programación e emisión de televisión	24
63.9 Outros servizos de información	28
TOTAL HIPERSECTOR TIC	4001


Fonte: IGE. Directorio de Empresas

As empresas dedicadas a actividades de "Programación, consultaría e outras actividades informáticas" (CNAE 62) representan o 49,1% do total das empresas do Hipersector TIC. Dentro do subsector TIC o seu peso acada o 65,1% en 2021.

Dentro do Sector Contidos destacan as empresas de "Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión" (CNAE 59.1), que representan o 11,5% do Hipersector e as de "Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais" (CNAE 58.1), que representan o 9%.



Emprendemento TIC



A taxa de crecemento neto das empresas do Subsector TIC e das empresas do Subsector Contidos seguen a ser positivas no ano 2021.

A taxa bruta de natalidade empresarial describe a porcentaxe de empresas nadas e dedicadas aos subsectores TIC e de Contidos por cada mil empresas nun ano respecto ao total de empresas ao comezo dese ano. Paralelamente, a taxa de mortalidade rexistra as que desapareceron.

As empresas que naceron ou se deron de alta no Hipersector TIC galego durante o 2021 foron máis que as empresas que desapareceron ou deixaron a súa actividade empresarial.

Ambos os dous subsectores do Hipersector TIC amosan un crecemento significativo, xa que as taxas de natalidade superan ás de mortalidade en 11,5 puntos no sector TIC e en 19,8 no dos Contidos.

Táboa 3. Taxas de demografía empresarial dos subsectores do Hipersector TIC 2018-2021

SUBSECTOR TIC	TAXA BRUTA DE NATALIDADE	TAXA BRUTA DE MORTALIDADE	TAXA DE CRECEMENTO TOTAL
2018	156,1	107,7	48,3
2019	174,3	124,0	50,3
2020	152,2	137,0	15,2
2021	123,6	112,1	11,5
SUBSECTOR CONTIDOS	TBN	TBM	
2018	146,4	103,9	42,5
2019	154,2	88,4	65,8
2020	150,1	121,1	28,9
2021	106,5	86,6	19,8

Fonte: IGE

Taxa de Actividade Emprendedora

A Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) indica a porcentaxe de poboación activa dedicada ás iniciativas emprendedoras no sector.


Durante o ano 2021, o subsector TIC foi o que presentou a Taxa TEA máis elevada, cun 9,7, mentres o subsector dos Contidos acadou os 3,7 no último ano.

As cifras de 2021, móstrannos como as incertezas na economía puideron retraer estes indicadores, e polo tanto a taxa de actividade emprendedora veu condicionando o seu crecemento neste último ano.

A taxa de actividade emprendedora no sector TIC continúa a ser superior á de contidos. Ambas modéranse no ano 2021.



Gráfico 2. Evolución do Taxa de Actividade Emprendedora (TEA) no Sector TIC e no Sector CONTIDOS (2011-2021)



Fonte: IGE

Número de Empresas

No ano 2021, no conxunto de España, existen 84.828 empresas que desenvolven a súa actividade no Hipersector TIC: o 78,7% pertence ao sector TIC e o 21,3% ao sector contidos.




Relación Galicia-España

No 2021, Galicia mantén o **quinto lugar** do ranking estatal no número de empresas do Hipersector TIC

Galicia, novamente, é a quinta comunidade autónoma con maior número de empresas dedicadas a estas actividades, unicamente superada por Madrid, Cataluña, Andalucía e a Comunidade Valenciana.

Gráfico 3. Número de empresas do Hipersector TIC por Comunidades Autónomas. Ano 2021



Fonte: IGE-INE: Directorio de Empresas

Número de Empresas



Relación Galicia-España

As empresas do
Hipersector TIC de
Galicia supoñen o **4,7%**
do total do Hipersector
TIC español

O incremento de empresas do Hipersector TIC en Galicia é superior ao do conxunto de España.

O número de empresas do Hipersector TIC en Galicia incrementouse nun 2,1% no último ano mentres que en España case non variou (-0,2%).

As empresas relacionadas co Hipersector TIC en Galicia no 2021 supoñen o 4,7% do total de empresas dedicadas a esta actividade en España.

Táboa 4. Número de empresas do Hipersector TIC. Galicia-España 2017-2021

ANO	2017	2018	2019	2020	2021
ESPAÑA					
TIC	62.234	64.808	65.250	66.682	66.801
CONTIDOS	17.418	18.467	18.112	18.282	18.027
HIPERSECTOR	79.652	83.275	83.362	84.964	84.828
GALICIA					
TIC	2.627	2.783	2.897	2.961	3.020
CONTIDOS	847	882	933	958	981
HIPERSECTOR	3.474	3.665	3.830	3.919	4.001

Fonte: IGE-INE: Directorio de Empresas 2017-2021

Número de Empresas

No 2021 continúa o incremento do peso relativo das empresas do Hipersector TIC respecto do total de empresas de Galicia, acadando xa o 1,63%, fronte ao 1,57% que se rexistraba no ano 2020.


O crecemento nos últimos dous anos, nun contexto de crise sanitaria e económica, é continuo pero lento. No último ano, no conxunto empresarial galego prodúcese un descenso do número de empresas, mentres que o número de empresas do Hipersector TIC continua a subir.



Peso relativo do Hipersector TIC

O Hipersector TIC segue a aumentar o seu peso no tecido empresarial galego en 2021, representando xa o **1,63%** das empresas de Galicia

Gráfico 4. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia (%). Anos 2017-2021



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2017 – 2021

Distribución das Empresas




Distribución provincial

O **45,9%** das empresas galegas do Hipersector TIC teñen a súa sede na provincia da **Coruña**

As provincias da Coruña e Pontevedra concentran conxuntamente o 79,8% da totalidade das empresas do Hipersector TIC con sede ou actividade en Galicia.

No 2021 incrementouse o número de empresas en todas as provincias a excepción da provincia de Ourense que mantén o número de empresas respecto ao 2020. Na provincia da Coruña rexistrouse o maior crecemento do Hipersector no último ano con 36 empresas novas, seguidas das 22 da provincia de Pontevedra e as 9 da provincia de Lugo.

Mapa 1. Peso do Hipersector no total de empresas en Galicia (%). Anos 2017-2021




Fonte: IGE, Directorio de empresas 2017 – 2021

Condición Xurídica das Empresas

A forma xurídica
societaria
representa o 59,9%
das empresas do
Hipersector TIC
fronte ao 40,1% de
persoas físicas
(autónomos/as).




Gráfico 5. Hipersector TIC en Galicia por condición xurídica



Fonte: IGE, Directorio de empresas 2017 – 2021

Tamaño das Empresas

Gráfico 6. Hipersector TIC en Galicia por condición xurídica




Fonte: IGE, Directorio de empresas: 2021



O 81,5% das
empresas do
Hipersector TIC
galegas contan con
2 traballadores/as
ou menos.

Mapa 2. Número de empresas do Hipersector TIC segundo área macrocomarcal*. 2021

 Nas áreas macrocomarcais da **Coruña e Vigo** concéntrase o maior volume de empresas do **Hipersector TIC**



-  Máis de 500 empresas
-  De 100 a 500 empresas
-  De 50 a 99 empresas
-  Menos de 50 empresas

Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	983	A Barbanza-Noia	62
Área de Vigo	879	Pontevedra nororiental	43
Área de Santiago	512	A Coruña suroriental	50
Área de Ourense	200	A Mariña	38
Área de Lugo	190	Lugo Sur	35
Área de Pontevedra	164	O Carballiño-O Ribeiro	34
Ferrol, Eume e Ortegal	137	Ourense Sur	28
Caldas-O Salnés	106	Lugo oriental	24
Costa da Morte	91	Ourense Central	23
Pontevedra Sur	83	Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega	239
O Morrazo	80		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2021


*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 3. Número de empresas do sector TIC segundo área macrocomarcal.



No subsector das TIC, as empresas concéntranse novamente no **Eixo Atlántico**. Destacan, especialmente, as áreas da **Coruña e Vigo**

- Máis de 500 empresas
- De 100 a 500 empresas
- De 50 a 99 empresas
- Menos de 50 empresas




Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	734	A Barbanza-Noia	49
Área de Vigo	691	Pontevedra nororiental	30
Área de Santiago	326	A Coruña suroriental	32
Área de Ourense	164	A Mariña	26
Área de Lugo	144	Lugo Sur	27
Área de Pontevedra	117	O Carballiño-O Ribeiro	23
Ferrol, Eume e Ortegal	116	Ourense Sur	18
Caldas-O Salnés	78	Lugo oriental	23
Costa da Morte	79	Ourense Central	13
Pontevedra Sur	68	Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega	200
O Morrazo	62		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2021

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"

Mapa 4. Número de empresas do sector Contidos segundo área macrocomarcal. 2021




Áreas macrocomarcales	Empresas	Áreas macrocomarcales	Empresas
Área da Coruña	249	A Barbanza-Noia	13
Área de Vigo	188	Pontevedra nororiental	13
Área de Santiago	186	A Coruña suroriental	18
Área de Ourense	36	A Mariña	12
Área de Lugo	46	Lugo Sur	8
Área de Pontevedra	47	O Carballiño-O Ribeiro	11
Ferrol,Eume e Ortegál	21	Ourense Sur	10
Caldas-O Salnés	28	Lugo oriental	1
Costa da Morte	12	Ourense Central	10
Pontevedra Sur	15	Sede fóra de Galicia pero con sede na Comunidade galega	39
O Morrazo	18		

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2021

*No anexo figura a descrición das "áreas macrocomarcais"


Mapa 5. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Coruña. 2021



22 concellos da provincia da Coruña contan con 10 ou máis empresas encadradas no Hipersector TIC.

Sobresaíndo fronte ao resto, **A Coruña e Santiago de Compostela** son os concellos que contan cun maior número de empresas do Hipersector TIC na provincia ascendendo a **666** empresas no concello da Coruña e **333** no de Santiago de Compostela.

Mapa 6. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Lugo. 2021




O concello de **Lugo** é o que conta co maior número de empresas (159) do Hipersector TIC na provincia.

Con respecto aos restantes concellos, só en tres casos supéranse as 10 empresas: Monforte de Lemos (18), Sarria (15) e Viveiro (11).


Fonte: IGE, Directorio de empresas 2021

Mapa 7. Número de empresas do Hypersector TIC. Provincia da Ourense. 2021



Na provincia destaca a cidade de **Ourense con 142 empresas** do Hypersector TIC, seguida de San Cibrao das Viñas (34) e O Carballiño (19).

Mapa 8. Número de empresas do Hipersector TIC. Provincia da Pontevedra. 2021



Na provincia de Pontevedra hai **21 concellos** que superan as 10 empresas do Hipersector TIC. Destacando especialmente **Vigo (726)** e **Pontevedra (132)**.

Fonte: IGE, Directorio de empresas 2021

Peso do Hipersector TIC na economía galega

O valor engadido bruto (VEB) do Hipersector TIC galego aumentou un 1,1% no último ano e supera os 1.980 millóns de euros.

Este incremento produciuse principalmente no sector TIC onde o VEB supera os 1.745 millóns de euros, cun crecemento do 1,6% no último ano.

O peso Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego acada o 3,4%, tres décimas máis que no 2019, que era o máis alto da serie.




O Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC galego supera os 1.980 millóns de euros e experimenta un aumento do 12% nos últimos dous anos

Gráfico 7. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC respecto do PIB galego



Fonte: IGE

Gráfico 8. Valor Engadido Bruto do Hipersector TIC en Galicia. (2015-2020)
Datos en miles de euros



Fonte: IGE

2 EMPREGO

O número de empregados/as no Hipersector TIC incrementouse nun 5,2% no último ano.

No 2022, o Hipersector TIC incrementou o seu número de traballadores/as ata os 27.271 empregados/as o que supón un crecemento do 5,2% dende o ano anterior.

O incremento relativo máis forte deuse no Sector Contidos, pero o sector TIC crece máis en termos absolutos:

- O Sector Contidos conta actualmente con 5.468 traballadores/as, aumentando nun 5,4% no último ano (+278).
- O Sector TIC crece tamén (5,1%) acadando os 21.803 traballadores/as, 1.063 máis que o ano anterior.

Gráfico 9. Número de empregados/as do Hipersector TIC en Galicia. 2017-2022



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017 -2022



Emprego por provincias



A provincia da Coruña aglutina o **60,4%** dos traballadores/as do **Hipersector TIC** de Galicia

A provincia da Coruña é a que conta con maior número de traballadores/as no Hipersector TIC e tamén a que máis crece en termos absolutos (+1.341) e relativos (+7,4%). Pontevedra séguela a distancia en termos absolutos (+316) e relativos (+4,2%)

Gráfico 10. Evolución do emprego no Hipersector TIC (2017-2022) segundo provincias



En canto á distribución territorial, a provincia que aglutina a maior parte dos traballadores /as TIC é A Coruña, acollendo ao 60,4% do total do emprego do Hipersector TIC de Galicia. Séguelle Pontevedra, cun 28,5%.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017 -2022

Emprego por provincias

No **Sector TIC** o emprego mantense estable nas provincias de Lugo e Ourense, e **incrementábase na provincia da Coruña, acadando os 12.920 traballadores/as no 2022(+7,6%)**, permanecendo como a provincia que ten o maior número de afiliados/as neste sector.

No **Sector Contidos** o emprego crece especialmente en Ourense (+7,6%) con 24 traballadores/as máis, pero en termos absolutos supéraa amplamente A Coruña (+224).

As provincias de **A Coruña e Pontevedra aglutinan o 87,2% dos traballadores/as** do sector Contidos.

Gráfico 11. Evolución do emprego no Sector TIC (2017-2022) segundo provincias





Gráfico 12. Evolución do emprego no Sector Contidos (2017-2022) segundo provincias



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017 -2022

Emprego por área de actividade



**As actividades que máis
emprego xeraron no
Hipersector TIC en 2022
son "Tecnoloxía da
información e do servizo
informativo" e "Actividades
cinematográficas, de vídeo e
de programas de televisión"
con 1.190 e 153 empregados
máis respectivamente.**

A actividade que rexistrou un maior crecemento absoluto no emprego no **Sector TIC** foi "Actividades da tecnoloxía da información e do servizo informativo", con 1.190 empregados/as máis que no 2021, o que supón un crecemento relativo do 9,1%. Este crecemento xunto co crecemento do emprego das "Industrias comerciais TIC" con 75 novos postos de traballo, son os motores do crecemento do sector TIC ano 2022.

No **Sector Contidos**, ao igual que no ano 2021, o maior crecemento respecto ao ano anterior rexístrase en "Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión" co 11,3% (+153). En termos relativos, novamente, crecen máis as Actividades de gravación de son e edición musical co 27,1% onde o emprego increméntase en 26 persoas.


Clasificación en áreas de actividade CNAE-2009: <http://www.ine.es/daco/daco42/inditic/metoinditic.pdf>

MANUFACTURERAS TIC: 2610.Fabricación de compoñentes electrónicos e Fabricación de placas electrónicas cargadas, 2620.Fabricación de computadoras e equipo periférico, 2630.Fabricación de equipos de comunicacións, 2640.Fabricación de aparellos de consumo electrónico, 2680.Fabricación de soportes magnéticos e ópticos.

- **INDUSTRIAS COMERCIAIS:** 4651.Comercio por xunto de computadoras, equipo informático periférico e programas informáticos, 4652.Comercio por xunto de equipo electrónico de telecomunicacións e dos seus partes e pezas.
- **ACTIVIDADES DE PUBLICACIÓN TIC:** 5821.Industria editorial de xogos de computador, 5829.Outros tipos de edición de programas informáticos
- **TELECOMUNICACIÓNS:** 6110.Actividades de telecomunicacións por cable, 6120.Actividades de telecomunicacións sen fíos, 6130.Actividades de telecomunicacións por satélite, 6190.Outras actividades de telecomunicación.
- **ACTIVIDADES DA TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN E DO SERVIZO INFORMATIVO:** 62.01.Actividades de programación informática, 62.02.Actividades de consulta de tecnoloxía da información, 62.03.Actividades de dirección de instalacións de computador, 62.09.Outras actividades de tecnoloxía de información e servizo de computadoras.
- **PORTAIS WEB, PROCESAMENTO DE DATOS, ALOXAMENTO E ACTIVIDADES CONEXAS:** 63.11.Procesamento de datos, aloxamento (aloxamento) e actividades conexas, 63.12.Portais web.
- **REPARACION DE COMPUTADORAS E EQUIPOS COMUNICACIONAIS:** 9511.Reparación de computadoras e equipo periférico, 9512.Reparación de equipos comunicacionais.
- **EDICIÓN DE LIBROS, XORNAIS E OUTRAS ACTIVIDADES EDITORIAIS :** 5811.Edición de libros, 5812.Edición de directorios e guías de direccións postais, 5813.Edición de xornais, 5819.Outras actividades editoriais.
- **ACTIVIDADES CINEMATOGRAFICAS, DE VÍDEO E DE PROGRAMAS DE TELEVISION:** 5911.Actividades de produción cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, 5912.Actividades de postproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5913.Actividades de distribución cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión, 5914.Actividades de exhibición cinematográfica.
- **ACTIVIDADES DE GRAVACIÓN DE SON E EDICIÓN MUSICAL :** 592.Actividades de gravación de son e edición musical
- **ACTIVIDADES DE PROGRAMACIÓN E EMISIÓN DE RADIO E TELEVISIÓN:** 601.Actividades de radiodifusión, 602.Actividades de programación e emisión de televisión
- **OUTROS SERVIZOS DE INFORMACIÓN :** 6391.Actividades das axencias de noticias

Emprego por área de actividade

Gráfico 13. Desglose segundo CNAE do HIPERSECTOR TIC. Anos 2021 e 2022



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2021-2022

Emprego por área de actividade

Gráfico 14. Desglose segundo CNAE do Sector TIC. Anos 2018-2022





Gráfico 15. Desglose segundo CNAE do Sector CONTIDOS. Anos 2018-2022




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2018-2022

Emprego segundo xénero


A análise do emprego dende unha perspectiva de xénero no **Hipersector TIC** indica que o **67,1%** dos traballadores son homes e o **32,9%** de mulleres. Por subsectores de actividade apréciase que, no **Sector TIC**, a porcentaxe de mulleres é do **30,6%** e, no **Sector Contidos**, as mulleres son o **42,4%** do total de traballadores/as.

Gráfico 16. Distribución por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2022



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2022

Gráfico 17. Evolución do emprego por xénero do emprego no Hipersector TIC. Ano 2017-2022



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017-2022


FENDA DE XÉNERO

A porcentaxe de mulleres empregadas no Hipersector TIC é do **32,9%**. O emprego crece en ambos xéneros con forza (5,2%) pero, por segundo ano consecutivo, este crecemento é maior no caso do emprego feminino (5,5%), por medio punto porcentual.




Emprego por réxime de cotización

Gráfico 18. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2022




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2022



No 2022, o 85,2% dos traballadores/as do **Hipersector TIC** cotizan no **Régime Xeral**, mentres que o **14,8%** desempeña o seu traballo baixo o **Régime Especial de Autónomos/as**.

No último ano, o incremento no Régime Xeral foi do 5,8%, e no Régime Especial de Autónomos/as o incremento foi do 1,9%.

Gráfico 19. Evolución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC. Ano 2017-2022



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2017-2022

Emprego por réxime de cotización e provincia


Tendo en conta o réxime de afiliación e a provincia do traballador/a, é a de Lugo na que se acada unha maior porcentaxe de autónomos/as no Hipersector TIC, cun 23,9% de afiliados/as.

A Coruña é a provincia que conta cun maior peso de afiliados/as ao Réxime Xeral dentro do Hipersector TIC, cunha porcentaxe do 88,8%.




No 2022, **A Coruña** é, novamente, a provincia que conta cunha maior porcentaxe de **traballadores/as no Réxime Xeral**, co **88,8%**. Pola súa banda, **máis do 20%** de **traballadores/as** do **Hipersector TIC** das provincias de **Lugo e Ourense**, son **autónomos/as**.

Gráfico 20. Distribución do emprego por réxime de cotización no Hipersector TIC no ano 2022 segundo a provincia



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2022

Mapa 9. Número de traballadores/as do Hipersector TIC segundo área de residencia. 2022




Número de traballadores / as do Hipersector TIC. Galicia 2022

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	7.396	A Barbanza-Noia	548
Área de Vigo	5.073	A Coruña suroriental	441
Área de Santiago	3.330	Lugo oriental	362
Ferrol,Eume e Ortegal	1.350	Pontevedra nororiental	358
Área de Ourense	1.163	A Mariña	258
Lugo Central	1.005	Lugo Sur	234
Área de Pontevedra	995	Ourense central	217
Caldas-O Salnés	758	Ourense sur	206
Área de A Costa da Morte	692	O Carballiño-O Ribeiro	216
Pontevedra sur	644	Alta en Galicia / Outras residencias	1.407
O Morrazo	618		

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2022

*As sumas parciais poden dar distinto que o total porque se trata dunha media entre o mes de xuño e decembro, podendo faltar decimais na aproximación.

Mapa 10. Número de traballadores/as do Sector TIC segundo área de residencia. 2022.




Número de traballadores / as do Sector TIC. Galicia 2022

Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcales	Número de traballadores/as
Área da Coruña	6.140	A Barbanza-Noia	453
Área de Vigo	4.324	A Coruña suroriental	340
Área de Santiago	2.176	Lugo oriental	340
Ferrol,Eume e Ortegál	1.011	Pontevedra nororiental	265
Área de Ourense	913	A Mariña	166
Lugo Central	708	Lugo Sur	195
Área de Pontevedra	750	Ourense central	173
Caldas-O Salnés	582	Ourense sur	157
Área de A Costa da Morte	582	O Carballiño-O Ribeiro	165
Pontevedra sur	567	Alta en Galicia / Outras residencias	1.281
O Morrazo	515	TOTAL	21.803

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2022

*As sumas parciais poden dar distinto que o total porque se trata dunha media entre o mes de xuño e decembro, podendo faltar decimais na aproximación.

Mapa 11. Número de traballadores/as do Sector Contidos segundo área de residencia. 2022



Número de traballadores / as do Sector Contidos. Galicia 2022

Áreas macrocomarcais	Número de traballadores/as	Áreas macrocomarcais	Número de traballadores/as
Área da Coruña	1.256	O Morrazo	103
Área de Santiago	1.154	A Mariña	92
Área de Vigo	749	Pontevedra nororiental	93
Ferrol,Eume e Ortega	339	Pontevedra sur	77
Lugo Central	297	O Carballiño-O Ribeiro	51
Área de Pontevedra	245	Ourense sur	49
Área de Ourense	250	Ourense central	44
Caldas-O Salnés	176	Lugo Sur	39
Área de A Costa da Morte	110	Lugo oriental	22
A Coruña suroriental	101	Alta en Galicia / Outras residencias	126
A Barbanza-Noia	95	TOTAL	5.468


Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de afiliacións e contas de cotización proporcionados pola Seguridade Social, 2022

*As sumas parciais poden dar distinto que o total porque se trata dunha media entre o mes de xuño e decembro, podendo faltar decimais na aproximación.

3 COMERCIO EXTERIOR

O Hipersector TIC exportou máis de **108 millóns de euros** no ano 2021.

**Gráfico 21. Balanza comercial do Hipersector TIC en Galicia.
Ano 2021 (miles de euros)**



Fonte: IGE 2021



No ano 2021, o **Hipersector TIC** exportou máis de **108 millóns de euros** que supón un **crecemento relativo do 23,2%** no último ano. As **importacións** tamén creceron no último ano, superando os **190 millóns de euros**.

Táboa 5. Balanza Comercial do Hipersector TIC en Galicia. (2016-2021)

ANO	2016	2017	2018	2019	2020	2021
BALANZA COMERCIAL (miles de euros)						
TIC	-26.191,97	-23.976,88	-28.649,86	-39.077,50	-59.800,88	-82.979,80
CONTIDOS	-1.947,19	629,74	-69,01	-1.129,88	1.087,64	1.468,20
HIPERSECTOR	-28.139,16	-23.347,14	-28.718,87	-40.207,39	-58.713,25	-81.511,60

Fonte: IGE, 2016-2021

* **Nota metodolóxica:** neste capítulo considerárase comercio exterior referido ao comercio de bens. Polo tanto, as CNAEs que computan son:

- Sector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582
- Sector Contidos -> CNAEs 581, 591, 592
- Hipersector TIC -> CNAEs 261, 262, 263, 264, 268, 582, 581, 591, 592

Exportacións

No ano 2021, as exportacións do subsector TIC creceron nun 25,8 debido ao pulo de dúas actividades: A fabricación de equipos de telecomunicacións (CNAE 2630), que acadou máis de 61 millóns de euros e un crecemento do 29,7% con respecto ó ano anterior, a Fabricación de produtos electrónicos de consumo (CNAE 2640), que acadou ós 17,5 millóns e un crecemento do 48,3%.

En canto ao sector Contidos, a actividade que rexistrou a mellor evolución é na actividade do CNAE 5811 (Edición de Libros) cun crecemento 14,7% respecto ao ano anterior.

Táboa 6. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2020-2021


EXPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2020 (miles de euros)	VALORES 2021 (miles de euros)
Sector TIC	2611	1.117,6	1.735,8
	2612	4.603,7	3.977,6
	2620	15.115,6	16.145,9
	2630	47.134,3	61.148,4
	2640	11.806,1	17.506,7
	2680	271,0	172,8
	5829	0,0	0,6
	Total	80.048,4	100.687,7
CRECIMENTO 2020-21: 25,8%			
Sector Contidos	5811	4.330,5	4.965,5
	5813	0	0
	5814	1.753,10	1.502,8
	5819	2.022,9	1.547,6
	5915	88,6	67,2
	5920	21,7	12,0
	Total	8.216,8	8.095,1
CRECIMENTO 2020- 2021: -1,5%			
HIPERSECTOR TIC	Total	88.265	108.783
CRECIMENTO 2020- 2021: +23,2%			




Fonte: IGE, ano 2020-2021

Exportacións

Gráfico 22. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2021




As **exportacións** máis importantes do Hipersector TIC proceden do **Sector TIC**, e máis da metade destas encádranse na actividade de **Fabricación de equipos de telecomunicaciones**



Fonte: IGE, ano 2021

Gráfico 23. Exportacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2016-2021



Fonte: IGE, ano 2016-2021

Importacións

No ano 2021, as importacións do sector TIC creceron nun 31,3% debido, principalmente ao pulo de dúas actividades económicas, encadradas no CNAE 2620 (Fabricación de ordenadores e equipos periféricos) e o CNAE 2611 (Fabricación de compoñentes electrónicos) respecto ao ano anterior cun crecemento relativo do 53,5% e 83,1% respectivamente.

En canto ao sector Contidos a actividade que rexistrou a mellor evolución foi o CNAE 5814 (Edición de Revistas) cun crecemento 356,3% respecto ao ano anterior.

Táboa 7. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2020-2021


IMPORTACIÓNS			
	CNAE	VALORES 2020 (miles de euros)	VALORES 2021 (miles de euros)
Sector TIC	2611	13.289,7	24.334,9
	2612	1.071,4	1.297,1
	2620	23.019,7	35.325,2
	2630	51.039,3	57.441,7
	2640	51.147,0	65.103,0
	2680	264,1	148,8
	5829	18,1	16,8
	Total	139.849,2	183.667,5
CRECIMENTO 2020-2021: +31,3%			
Sector Contidos	5811	2.219,7	2.704,9
	5813	0,0	0,2
	5814	6,4	29,2
	5819	3.986,6	2.581,9
	5915	890,2	1.228,2
	5920	26,2	82,5
	Total	7.129,1	6.626,9
CRECIMENTO 2020-2021: -7,0%			
HIPERSECTOR TIC	Total	146.978	190.294
CRECIMENTO 2020-2021: +29,5%			




Fonte: IGE, ano 2020-2021

Importacións

Gráfico 24. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Ano 2021




Os produtos procedentes da fabricación de equipos de telecomunicacións e fabricación de produtos electrónicos de consumo concentran o 64,4% das importacións do Hipersector TIC en Galicia, no ano 2021.



Fonte: IGE, ano 2021

Gráfico 25. Importacións do Hipersector TIC en Galicia. Evolución 2016-2021



Fonte: IGE, ano 2016-2021

4 INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

No período **2018-2020**, **1.587** empresas galegas de 10 ou máis empregados/as **realizaron algunha actividade** innovadora.


Neste capítulo analizarase en primeiro lugar a actividade innovadora das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, presentando datos procedentes de enquisas de innovación e I+D do INE (*).

Posteriormente, particularizaranse os indicadores de innovación ao Hipersector TIC de Galicia.

As actividades innovadoras comprenden calquera actividade sobre produtos ou procesos novos ou mellorados, incluíndo actividades en curso ou abandonadas.

No período 2018-2020, 1.587 empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as realizaron algún tipo de actividade innovadora, o que representa o 22,5% das empresas galegas deste segmento empresarial.

Gráfico 26. Nº de empresas con actividades innovadoras en Galicia. 2018-2020



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020


(*) **NOTA IMPORTANTE:** Na Enquisa de Innovación correspondente ao ano 2018 prodúcese unha ruptura da serie debido ao cambio metodolóxico da nova versión do Manual de Oslo. Por ese motivo, non se poden realizar comparacións cos datos publicados en anos anteriores. Ademais, a enquisa pasa a ter unha periodicidade bianual en vez de anual coma hasta agora.

Innovación Tecnológica

Galicia ocupa a **sexta** posición no ranking de **empresas innovadoras**.




Gráfico 27. Nº de empresas con actividades innovadoras en España. 2018-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

Mapa 12. Porcentaxe de empresas innovadoras por CCAA. 2018-2020



Fonte: Elaboración propia a partir de datos. INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

Empresas Innovadoras



No período **2018-2020**, o **22,5%** das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as **realizou algunha actividade innovadora.**

Comparativamente, a porcentaxe de empresas galegas de 10 ou máis empregados/as que realizaron algunha innovación entre 2018 e 2020 é de 22,5% o cal representa unha proporción próxima á media estatal, que foi do 24,5%.





Gráfico 28. Nº de empresas con actividades innovadoras en España. 2018-2020




Fonte: Elaboración propia a partir de datos INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, 2018-2020

Gasto en Innovación

As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as acadaron un **gasto en actividades innovadoras de 722 millóns de euros no ano 2020.**




Mapa 13. Gasto en Actividades Innovadoras por CCAA. Ano 2020 (miles de euros)



Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

Gráfico 29. Tipo de tecnoloxía comprada. Comparativa Galicia – España. Ano 2020




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

No 2020, unha de cada catro empresas galegas de 10 ou máis empregados/as mercaron tecnoloxía xa coñecida pola empresa ou unha actualización da preexistente, situándose en valores similares á media estatal.

No caso de compra de nova tecnoloxía, o 8,4% das empresas galegas mercaron nova tecnoloxía, non utilizada previamente pola empresa, un gasto no que destaca por riba da media estatal en 1,2 puntos porcentuais.

Dificultades para a innovación





A existencia doutras **prioridades dentro da propia empresa**, unido á consideración dos **elevados custes dificultan a innovación** segundo as empresas galegas.

Para o 46,2% das empresas galegas, o principal factor que dificulta a decisión de iniciar ou executar as actividades innovadoras é a existencia doutras prioridades na propia empresa.

A consideración do elevado custe (24,3%) é o segundo factor máis importante. Non obstante, estes factores perderon peso con respecto o ano anterior.

Gráfico 30. Factores que dificultan a innovación. Galicia. Ano 2020.

% sobre as empresas que consideran que os seguintes factores tiveron un grao de importancia elevado á hora de dificultar a decisión de iniciar ou a execución mesma das actividades innovadoras




Fonte: INE, Enquisa sobre innovación nas empresas, ano 2020

Gasto en I+D



As empresas galegas de 10 ou máis empregados/as destinaron máis de **697 millóns** de euros a gastos internos de **I+D no ano 2021**, o que supón un incremento do **8,7% respecto ao ano anterior**.


Gráfico 31. Evolución dos gastos internos totais en I+D en Galicia . (2016-2021)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2016-2021

Gasto en I+D

Mapa 14. Gasto en Actividades Innovadoras por CCAA (I+D interna. Ano 2021 (miles de euros)




Fonte: INE, Estatística de I+D, 2021

Considerando o total do territorio estatal, os gastos internos en I+D sitúanse no 17.249.249 miles de € no ano 2021. A Comunidade galega ocupa o sétimo posto do ranking nacional con 697.484 miles de euros, só por detrás de Comunidades como Madrid, Cataluña, Andalucía, País Vasco, Comunidade Valenciana e Castela e León.




Galicia permanece na sétima posición das Comunidades que **máis investiron en I+D** respecto ao conxunto estatal.

Persoal en I+D



O número de **traballadores / as en I+D** a xornada completa en Galicia sitúase preto das **11.500 persoas** no ano **2021**, o que supón un **crecemento do 6,1%** respecto ao ano anterior.

Gráfico 32. Evolución do persoal en I+D en Galicia (2016-2021)



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2016-2021

No 2021, no ámbito estatal estaban rexistrados 249.648 traballadores/as en I+D, dedicados a xornada completa. A cifra de traballadores/as en I+D a xornada completa en Galicia sitúase nos 11.435 empregados/as, ocupando a sexta posición no ranking nacional por detrás de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e País Vasco.

Persoal en I+D: Mulleres

Galicia permanece en sexta posición das Comunidades que conta **con máis persoal feminino en I+D** respecto ao conxunto estatal.

As **mulleres a xornada completa en I+D en Galicia** representan o **41% dos** empregados/as de I+D.





Gráfico 33. Persoal en I+D en xornada completa. Mulleres. 2021



Fonte: INE, Estatística de I+D, 2021


Empresas Innovadoras



O 48,9% das empresas galegas de 10 ou máis empregados /as do Hipersector TIC realizou actividades innovadoras no período 2018-2020, principalmente innovacións de produto (89,1%) e innovacións tecnolóxicas de procesos (91,5%).


O gasto en innovación en Galicia do Hipersector TIC ascendeu neste período a máis de 118 millóns de euros, dos cales o 71,7% está destinado a I+D interna.

Gráfico 34. Tipoloxía en innovación de empresas do Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018 -2020

Gráfico 35. Tipoloxía de gasto en innovación de empresas do Hipersector TIC




Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018 -2020

A innovación e a I+D+I no Hipersector TIC de Galicia



A ratio de intensidade de innovación sobre a cifra de negocio sitúase no 8,42% entre as empresas do Hipersector TIC galegas de 10 ou máis empregados/as que realizan actividades I+D+I.

Gráfico 36. Intensidade Innovadora. Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018 -2020

Gráfico 37. Empresas innovadoras por tipo de innovación. Hipersector TIC



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018 -2020



A intensidade innovadora é a ratio dos gastos en actividades innovadoras respecto da cifra total de negocio. No caso do Hipersector TIC, este valor ascende ao 8,42% nas empresas que realizan actividades de I+D fronte ao 4,22% do conxunto das empresas do Hipersector.


Un dos impactos da actividade innovadora máis relevante prodúcese nos "procesos de negocio", con 123 empresas innovadoras. Séguenlle as que innovan en procesamento de información ou comunicación (77) e en métodos de fabricación ou produción (68).

A innovación e a I+D no Hipersector TIC



O 34,7% das empresas do Hipersector TIC declaran que as súas actividades innovadoras tiveron impacto na cifra de negocios.

Gráfico 38. Impacto económico das innovacións de produto sobre a cifra de negocios



Fonte: elaboración propia con datos facilitados polo IGE da enquisa de innovación nas empresas do INE. Base: % sobre as empresas do Hipersector TIC con 10 ou máis empregados/as e sede en Galicia que realizaron actividades innovadoras no período 2018 -2020

5 PATENTES


As patentes son **indicadores de innovación** por amparar as invencións orientadas á mellora industrial.

A Organización Mundial da Propiedade define a patente como “un dereito exclusivo concedido a unha invención, é dicir, a un produto ou procedemento que aporta, en xeral, unha nova maneira de facer algo ou unha nova solución técnica a un problema”.

Son patentables aquelas invencións novas que impliquen unha actividade inventiva e sexan susceptibles de aplicación industrial. A lexislación española, ao respecto, distingue entre patentes e modelos de utilidade.

Esta última modalidade resérvase a aquelas invencións de menor rango que, sendo novidades, consisten en dar a un obxecto unha configuración, estrutura ou constitución da que se derive algunha utilidade ou vantaxe práctica.

As patentes constitúen un indicador recoñecido como útil para medir os resultados xerados polas actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, na medida en que protexen unha invención particular.



Patentes



No ano 2020, a oficina española de Patentes e Marcas concedeu **80 modelos de utilidade e 25 patentes en Galicia.**


O período de protección no caso dos modelos de utilidade é de 10 anos, cando as patentes posúen unha efectividade de 20 anos.

As patentes de invención e os modelos industriais, xunto coas marcas, conforman a propiedade industrial.

No ano 2022 a Oficina Española de Patentes e marcas concedeu 25 patentes e 80 modelos de utilidade a entidades galegas.

A tendencia indica que os modelos de utilidade cobran cada vez maior peso respecto ás patentes como modalidade preferida en Galicia para protexer as invencións.

Gráfico 39. Patentes e Modelos de Utilidade concedidos a entidades en Galicia. Ano 2013-2022



Fonte: Oficina Española de Patentes e Marcas, anos 2013 – 2022

Anexo: Definición de áreas macrocomarcales

Provincia da Coruña

- Ferrol-Eume-Ortegal: comprende as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.
- Área da Coruña: comprende as comarcas da Coruña e Betanzos.
- Área da Costa da Morte: comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Soneira e Xallas.
- A Coruña suroriental: comprende as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide.
- Área de Santiago: comprende as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago.
- A Barbanza-Noia: comprende as comarcas da Barbanza e Noia.

Provincia de Lugo

- Lugo oriental: comprende as comarcas da Fonsagrada, Os Ancares e Sarria.
- Lugo sur: comprende as comarcas de Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.
- Lugo central: comprende as comarcas da Ulloa, Lugo, Meira e A Terra Chá.
- A Mariña: comprende as comarcas da Mariña Central, A Mariña Oriental e A Mariña Occidental.

Provincia de Ourense

- O Carballiño-O Ribeiro: comprende as comarcas do Carballiño e O Ribeiro.
- Ourense central: comprende as comarcas de Allariz e Maceda, Terra de Caldelas, Terra de Trives e Valdeorras.
- Ourense sur: comprende as comarcas da Limia, a Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín e Viana.
- Área de Ourense: comprende a comarca de Ourense.

Provincia de Pontevedra

- Pontevedra nororiental: comprende as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
- Pontevedra sur: comprende as comarcas da Paradanta, O Baixo Miño e O Condado.
- Área de Pontevedra: comprende a comarca de Pontevedra.
- Caldas-O Salnés: comprende as comarcas de Caldas e O Salnés.
- Área de Vigo: comprende a comarca de Vigo.
- O Morrazo: comprende a comarca do Morrazo.

